

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN CLUSTER DE AUTOMOCIÓN Y MOVILIDAD DE GALICIA, CEAGA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

O 16 de decembro de 2024 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación Clúster de Automoción y Movilidad de Galicia (CEAGA) asinaron un convenio para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No apartado 1 da cláusula terceira do convenio establécese que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de trescentos sesenta mil catrocentos dous euros (360.402 €) con cargo á aplicación orzamentaria 44.03.323B.481.1 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio e no marco do "*Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*", distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade	Orzamento
2024	140.004 €
2025	220.398 €

Na cláusula sexta, apartado 2, indica que CEAGA presentará a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados mediante o réxime de módulos en relación coas accións formativas executadas **ata o 30 de novembro de 2024**, con prazo máximo o 17 de decembro de 2024.

A xustificación correspondente a 2025 comprenderá as accións realizadas desde o 1 de decembro de 2024 ata o 31 de marzo de 2025 e presentarse, con prazo máximo, o 16 de abril de 2025.



Unha vez comprobada a xustificación presentada por CEAGA das accións formativas executadas ata o 30 de novembro de 2024, compróbase que o importe total executado correspondente á anualidade 2024 é de 95.557,00 euros, polo que non acada o importe previsto na cláusula terceira do convenio para esa anualidade.

Dado que o prazo de execución das accións formativas previsto na cláusula novena, apartado 3, comprende dende o 2 de setembro de 2024 ata o 31 de marzo de 2025, e coa finalidade de acadar unha mellor execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia con cargo aos que se financia este convenio, permitírase que se executen con cargo á anualidade 2025 aquelas accións formativas que se prevían impartir inicialmente antes do 30 de novembro de 2024, pero que finalmente non se chegaron a impartir neses período.

Por este motivo, tramítase esta addenda ao convenio coa finalidade de modificar a distribución por anualidades establecida na cláusula terceira, que queda do seguinte xeito:

Anualidade	Orzamento
2024	95.557,00€
2025	264.845,00 €

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Zeltia Lado Lago

